


A PREHISTORIA

Na Prehistoria os home e mulleres comíanse a carne que cazaban ou pescaban crúa, porque non coñecían o lume. Cos ósos dos animais fabricaban ferramentas e as peles utilizábanas para protexerse do frío.

Tampouco tiñan casas, senón que vivían ao aire libre, en covas ou chozas. A vida era moi dura e moitas persoas morrían mozas polo frío, a escasez dos alimentos ou por feridas de animais. Gustáballes vivir preto dos ríos ou lagos, para cazar aos animais cando ían beber ao río.

1. Pon título á Lectura:





Responde ás seguintes preguntas: (marca a opción correcta)

1. Como conseguían a carne na Prehistoria?
 - a) A través da caza e a pesca.
 - b) A través do intercambio con outras persoas.
 - c) Comprábana.
2. Por que se comían a carne crúa?
 - a) Gustáballes máis.
 - b) O lume era aínda descoñecido.
 - c) Non tiñan tempo de cociñar.
3. Para que utilizaban os ósos dos animais?
 - a) Para cantar.
 - b) Para fabricar coches.
 - c) Para fabricar ferramentas.
4. Para que lles servían as peles dos animais?
 - a) Para construír paracaídas.
 - b) Para protexerse do clima.
 - c) Para construír bandeiras.



5. Onde vivían na Prehistoria?


- a) En casas.
- b) En cavernas.
- c) Nas copas das árbores.

6. Por que morrían novos?

- a) Porque comían demasiado.
- b) Porque pescaban sen cana.
- c) Polo mal clima e a fame.

7. Onde lles gustaba vivir?

- a) Preto das montañas.
- b) Preto de parques.
- c) Preto de ríos e lagos.



8. Por que vivían aí?

- a) Para comer auga en abundancia.
- b) Para poder cazar máis fácil.
- c) Para poder bañarse todos os días.

9. Gustaríache vivir na Prehistoria? Explica o porqué.